



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A REPARACIÓN DE PAVIMENTACIÓN NO BARRIO DOS MUIÑOS CRUCE ENTRE A RÚA SAN ROQUE, ESTRADA A ARGOMOSO E AVDA. BISPO FERNÁNDEZ DE CASTRO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Mondoñedo, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.





Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mondoñedo, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Reparación de pavimentación no Barrio dos Muíños, Cruce entre a Rúa San Roque, Estrada a Argomoso (PR-31-02) e Avda. Bispo Fernández de Castro”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Mondoñedo trata de promover unha actuación consistente na **“Reparación de pavimentación no Barrio dos Muíños, Cruce entre a Rúa San Roque, Estrada a Argomoso (PR-31-02) e Avda. Bispo Fernández de Castro”**.

As actuacións previstas consisten en acondicionar o viario existente co obxecto de adecuar as condicións de mobilidade, accesibilidade, humanización, conservación e mantemento necesarias para o fin proxectado.

As actuacións a levar a cabo para a execución da obra, serán as seguintes:

- Reparación de pavimentos de lousa de granito. O pavimento de lousa existente é de formatos similares con múltiples tonalidades, pero irregulares, filas contiguas teñen anchos diferentes. No cruce o pavimento atópase tremendamente deteriorado, cunha capa de formigón vertido sobre a lousa, polo que se fai necesario a súa reparación.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, documento asinado dixitalmente.

María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

